



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO  
DE SAN CAETANO O DÍA 16 DE OUTUBRO DE 2008,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.  
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

**PROXECTOS DE LEI**

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA**

- Proxecto de Lei de orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2009

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Decreto polo que se modifica o Decreto 103/1994, do 21 de abril, polo que se establecen axudas dirixidas ás publicacións periódicas escritas integramente en galego normativizado
- Decreto polo que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade da estrada LU-105 (LU-540-Ourol-LU-540) na súa totalidade, do treito sobrance da estrada LU-540 (Viveiro LU-862, Cabreiros LU-861), que atravesa o núcleo de Vilares e do treito sobrance da estrada LU-540 (Viveiro LU-862, Cabreiros LU-861), que atravesa o núcleo de Ourol, a prol do Consello de Ourol

**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Decreto polo que se modifica o Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde



## **ACORDOS**

### **CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia e a University of California, Santa Bárbara, para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, literatura e cultura galegas
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia e a Universidade de Deusto para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, literatura e a cultura galegas
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, por medio da súa Secretaría de Relacións Exteriores, a *Fundación de Desarrollo Loma y Salud Inc.*, para a execución do proxecto: diminución da incidencia de enfermidades no barrio de Santa Lucía/ La Mosca en Santiago de los Caballeros, República Dominicana
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, por medio da súa Secretaría de Relacións Exteriores, e a Cámara de Comercio e Producción de Santiago, para a execución do proxecto: mellora das condicións de acceso e permanencia ao emprego dos traballadores do vertedoiro de Rafey e do barrio de Santa Lucía/ La Mosca en Santiago de los Caballeros, República Dominicana

### **CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE**

- Acordo polo que se autoriza o establecemento dun anticipo do 50% da subvención no momento da súa concesión no convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, por medio da Consellería de Cultura e Deporte, e a *Federación Galega de Chave*, co fin de coadxuvar aos gastos ordinarios da federación e para a fixación, de común acordo, dun programa de actividades de promoción e desenvolvemento da súa modalidade
- Acordo polo que se autoriza o establecemento dun anticipo do 50% da subvención no momento da súa concesión no convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, por medio da Consellería de Cultura e Deporte, e a *Federación Galega de Baloncesto*, co fin de coadxuvar aos gastos ordinarios da federación e para a fixación, de común acordo, dun programa de actividades de promoción e desenvolvemento da súa modalidade
- Acordo polo que se autoriza o establecemento dun anticipo do 50% da subvención no momento da súa concesión no convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, por medio da Consellería de Cultura e Deporte, e a *Federación Galega de Billar*, co fin de



coadxuvar aos gastos ordinarios da federación e para a fixación, de común acordo, dun programa de actividades de promoción e desenvolvemento da súa modalidade

- Acordo polo que se autoriza o establecemento dun anticipo do 50% da subvención no momento da súa concesión no convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, por medio da Consellería de Cultura e Deporte, e a *Federación Galega de Boxeo*, co fin de coadxuvar aos gastos ordinarios da federación e para a fixación, de común acordo, dun programa de actividades de promoción e desenvolvemento da súa modalidade
- Acordo polo que se autoriza o establecemento dun anticipo do 50% da subvención no momento da súa concesión no convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, por medio da Consellería de Cultura e Deporte, e a *Federación Galega de Fútbol Sala* co fin de coadxuvar aos gastos ordinarios da federación e para a fixación, de común acordo, dun programa de actividades de promoción e desenvolvemento da súa modalidade
- Acordo polo que se autoriza o establecemento dun anticipo do 50% da subvención no momento da súa concesión no convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, por medio da Consellería de Cultura e Deporte, e a *Federación Galega de Tiro Olímpico*, co fin de coadxuvar aos gastos ordinarios da federación e para a fixación, de común acordo, dun programa de actividades de promoción e desenvolvemento da súa modalidade
- Acordo polo que se autoriza o establecemento dun anticipo do 50% da subvención no momento da súa concesión no convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, por medio da Consellería de Cultura e Deporte, e a *Federación Galega de Bádminton*, co fin de coadxuvar aos gastos ordinarios da federación e para a fixación, de común acordo, dun programa de actividades de promoción e desenvolvemento da súa modalidade.

## **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de cooperación entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Universidade de Santiago de Compostela para o estudo de determinados aspectos relacionados cos problemas asociados ao consumo de drogas
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de cooperación entre a Consellería de Sanidade, Galaria Empresa Pública de Servizos Sanitarios de Galicia, S.A. e Amershan Health Unidade Central de Radiofarmacia de Galicia, para a creación dunha unidade docente na Comunidade Autónoma de Galicia coa finalidade de formar especialistas en radiofarmacia

## **CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS**



- Acordo polo que se autoriza a empresa Galicia Marine Aquaculture para a introdución e cultivo intensivo en Galicia de especie alóctona *Haliotis discus hannai*

### **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE**

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia cos concellos de Mugar dos e Fene para a execución das obras: “Actuacións de abastecemento na Comunidade Autónoma. Ampliación do abastecemento a Mugar dos. Mugar dos e Fene (A Coruña)”, por importe de 921.377,21 euros



## **O GOBERNO GALEGO APROBA AS CONTAS DA COMUNIDADE PARA 2009, OS ORZAMENTOS DA REACTIVACIÓN ECONÓMICA E DA PROTECCIÓN SOCIAL**

**OS ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA PARA O VINDEIRO EXERCICIO ACADAN OS 11.793 MILLÓNS DE EUROS, UN INCREMENTO DO 4,2% RESPECTO AOS DE 2008**

**ESTÁN ORIENTADOS A MITIGAR OS EFECTOS DA CRISE SOBRE A ACTIVIDADE ECONÓMICA, A FAVORECER A CREACIÓN DE EMPREGO E A GARANTIR O DESENVOLVEMENTO DAS POLÍTICAS SOCIAIS**

- *Recollen nove eixes prioritarios, englobados en dúas liñas de gasto: o gasto produtivo, onde se inclúe a educación, a I+D+i e a sociedade da información, as infraestruturas do transporte e o apoio á actividade empresarial; e a política social, co emprego, os servizos sociais e dependencia, o transporte público, a vivenda e a sanidade*
- *Son uns orzamentos caracterizados pola austeridade, a solidariedade e o impulso á modernización do país*
- *As contas da Xunta para 2009 prevén que a economía galega siga crescendo por riba da española, a un ritmo do 1,3%, fronte ao 1% estatal*
- *Os Orzamentos consignan un total de 2.399 millóns de euros de investimento educativo, o que supón un incremento do 30,3% con respecto a 2005*
- *O Goberno galego aposta polas políticas de I+D+i e o fomento da incorporación á sociedade do coñecemento como vía para impulsar o crecemento económico*
- *Os presupostos autonómicos destinan 198 millóns de euros ao fomento da actividade empresarial e prevén mobilizar 500 millóns de euros en liñas de avais e 200 millóns en liñas de préstamos BEI/ICO*
- *Destaca o esforzo dos Orzamentos por fomentar o emprego, cunha partida extraordinaria de 78 millóns de euros e a concesión de subvencións de 10.000 euros ás empresas por cada desempregado de máis de 12 meses que contraten*
- *A sanidade volve ser o capítulo que absorbe máis recursos, un total de 3.788 millóns de euros, o que supón un incremento do 4,1% respecto do ano pasado*

O Goberno galego aprobou hoxe o Proxecto de Lei de orzamentos da comunidade autónoma para o ano 2009, os orzamentos da reactivación económica e da protección social. As contas xerais da Xunta para o vindeiro exercicio acadan a contía total de 11.793 millóns de euros, o que supón un incremento do 4,2 por cento con respecto ao ano 2008.

Trátase dunhas contas caracterizadas pola austeridade, a solidariedade e o impulso á modernización do país. Así, os Orzamentos da Xunta para 2009 son uns presupostos anticrise, que nacen co obxectivo de mitigar os efectos da desaceleración sobre a actividade económica, favorecer a creación de emprego e garantir o desenvolvemento



das políticas sociais, apostando, para isto, polo impulso ao investimento produtivo e polo reforzamento da protección social dos grupos máis desfavorecidos.

Os presupostos aprobados hoxe polo Consello da Xunta prevén que, pese á desaceleración, a economía galega continúe medrando o ano que vén por riba da economía española. Concretamente, os Orzamentos cifran o crecemento do PIB galego en 2009 no 1,3 por cento, 3 décimas por riba do crecemento estatal.

En relación co emprego, os Orzamentos recollen o mantemento durante o ano que vén dos niveis deste ano, o que contrasta coa previsión de España de reducir nun 0,5% o número de ocupados.

Os Orzamentos da Xunta para o vindeiro ano céntranse en nove eixes de actuación fundamental, englobados en dous grandes capítulos: o gasto produtivo, onde se inclúe a educación, a I+D+i e a sociedade da información, as infraestruturas do transporte e o apoio á actividade empresarial; e o gasto social, onde se recollen os investimentos en materia de emprego, de dependencia e servizos sociais, de transporte público, de vivenda e de sanidade.

### **Incremento do 30,3% do gasto educativo desde 2005**

No capítulo de educación, a partida orzamentaria para o vindeiro exercicio medra, con respecto ao ano anterior, case un 5 por cento, contando cun orzamento global de 2.399 millóns de euros. Con respecto aos orzamentos de 2005, a dotación actual supón un incremento do 30,3%.

Destaca neste capítulo o aumento en 20 millóns de euros da dotación económica para as universidades, o que representa un 5% máis que en 2008.

Entre as medidas que o Goberno galego porá en marcha neste eido está o fomento do segundo Plan de Formación Profesional, os programas de cualificación profesional e de diversificación curricular e a ampliación de servizos complementarios nos centros de ensino, como o servizo de comedor, con 500 prazas adicionais, o incremento das dotacións para actividades extraescolares e deportivas.

### **Impulso ao crecemento económico a través da I+D+i**

As dotacións destinadas a investigación, desenvolvemento e innovación, xunto co fomento da sociedade da información supoñen un total de 175 millóns de euros, un 7,7 por cento máis que no ano 2008. Dentro deste capítulo, se destinan ás políticas de I+D+i un total de 143 millóns de euros, o que supón un incremento do 8,5% con respecto a 2008. O fomento da sociedade da información e do coñecemento absorbe, pola súa banda, 32 millóns de euros.

Os obxectivos que perseguen as contas da Xunta para o vindeiro ano neste ámbito son, por un lado, impulsar o crecemento económico e social de Galicia a través da I+D+i, incrementado a capacidade do sistema galego de I+D+i; ampliar e mellorar o investimento



en capital humano dedicado á I+D+i; e potenciar a aplicación das TICs e impulsar o acceso á sociedade da información.

### **Recursos para completar a rede viaria de altas prestacións**

Outro dos eixes prioritarios dentro das contas da Xunta para 2009 serán as infraestruturas do transporte. Para iso, os Orzamentos do vindeiro ano recollen 480 millóns de euros destinados a esta partida, un 7,7 por cento máis que no exercicio 2008. Sumándose o investimento en infraestruturas dos entes asociados, mobilizarase un total de recursos de 601 millóns de euros. En relación co investimento neste capítulo no ano 2005, o incremento é do 44,2%.

Nesta sección, o investimento en infraestruturas viarias ascenderá a 449 millóns de euros, 36 millóns máis que nas contas de 2008. Os obxectivos estratéxicos do Goberno galego neste ámbito son completar a rede viaria de altas prestacións, executando 190,5 quilómetros de autovía e 154,4 quilómetros de vías de alta capacidade; mellorar a accesibilidade nos ámbitos comarcais e aos eixes de articulación territorial; e incrementar a calidade e a seguridade viaria na rede de estradas autonómica, destinando 35 millóns de euros á eliminación dos tramos de concentración de accidentes (TCA). No tocante á conservación e mantemento de estradas, a partida consignada é de 61 millóns.

Entre as prioridades en materia de infraestruturas do transporte para 2009, os orzamentos sitúan a rede estruturante de Galicia, fixando o impulso de programas como a Autovía Vilagarcía-Pontevedra, o corredor do norte Ferrol-San Cibrao, Vía de Alta Capacidade da Costa da Morte e as Circunvalacións Leste de Ourense e Lugo.

Ademais, 31 millóns irán destinados ás infraestruturas portuarias, coa previsión de 12.000 novos metros cadrados.

### **Case 200 millóns de euros de apoio á actividade empresarial**

O apoio á actividade empresarial contará, en 2009, cun total de 198 millóns de euros nos Orzamentos da Xunta, o que representa un 8,6 por cento máis que en 2008. Isto significa que no vindeiro exercicio o Goberno galego destinará 16 millóns de euros máis á modernización, internacionalización e mellora da competitividade das empresas galegas. Así mesmo, activará medidas de dinamización orientadas á mellora do financiamento empresarial, destinando 500 millóns en liñas de avais e 200 millóns en liñas de préstamos BE/ICO.

Xunto con isto, o obxectivo do Executivo autonómico é levar a cabo medidas estruturais encamiñadas a modernizar o tecido produtivo, o investimento empresarial, a competitividade, a internacionalización e o fomento do emprendemento nas empresas galegas.

### **Medidas extraordinarias para fomentar o emprego**

Cos obxectivos prioritarios de poñer en marcha políticas activas de emprego e de actuacións específicas para sectores con dificultades especiais, así como de continuar a



implantación dos acordos selados no marco do Diálogo Social, a Xunta destinará o vindeiro ano 420 millóns de euros ao desenvolvemento de políticas de emprego, un 11,3 por cento máis que no exercicio anterior.

Neste apartado aparecen reflectidas xa as medidas anunciadas polo Goberno para fomentar o emprego, cun programa de incentivos á contratación de desempregados polo que as empresas recibirán ata 10.000 euros por cada novo contrato indefinido que formalicen con parados de máis de 12 meses. O obxectivo desta medida é promover a contratación de 20.000 persoas o ano que vén.

En total, os Orzamentos da Xunta para 2009 destinan unha partida adicional de 78 millóns de euros ao programa de incentivos á contratación.

### **Un 10,7% máis de orzamento para asistir a 34.000 dependentes**

Un total de 570 millóns de euros irán para o capítulo de servizos sociais e dependencia, o que representa un incremento do 10,7 por cento respecto ao ano anterior. En relación co orzamento do ano 2005, o aumento é de 55,5%.

Con esta partida, o Goberno galego aposta por reforzar a atención ás necesidades das persoas en situación de dependencia e aos colectivos máis desfavorecidos, contribuíndo a un reparto máis equilibrado do crecemento económico, ampliando o estado do benestar.

Con estas contas, a Xunta dará en 2009 un grande impulso ao sistema galego de atención á dependencia e á promoción da autonomía persoal. cun 33% máis de recursos que en 2008. De feito, calcúlase que serán 34.000 dependentes os que serán atendidos ao longo do vindeiro ano en centros de día, residencias, no seu contorno familiar ou a través de axuda no fogar, o que significa duplicar a cifra do ano anterior.

Nos orzamentos da Xunta de 2009 tamén se recolle un incremento do 56,2% con respecto ao ano pasado, das dotacións para a protección e promoción da igualdade e a conciliación da vida familiar e laboral.

### **Incremento do 160,9% do investimento en transporte público desde 2005**

No apartado de protección social o impulso ao transporte público tamén representa outro grandes eixes de actuación do Goberno galego para o vindeiro ano. De aí que se destinen 78 millóns de euros a este capítulo, un 8,6 por cento máis que o ano anterior. O gasto destinado ao transporte público aumenta, con respecto ao orzamento de 2005, un 160,9 por cento.

O obxectivo central dos Orzamentos da Xunta neste capítulo é o desenvolvemento do Plan de transporte público, mediante un sistema tarifario integrado e cun medio de pago común; coa redución de tarifas e transbordo gratuito con tarxeta de transporte metropolitano; coa coordinación das diferentes redes de transporte; a mellora da oferta de servizos de transporte interurbano. Ademais, impulsarase o cumprimento dos obxectivos recollidos no PETRAGAL, cun incremento do 21% do seu orzamento.





Paralelamente, en relación co transporte público, as contas da Autonomía para o ano que vén prevén un incremento de 6 millóns de euros para as políticas de ordenacións e inspección do transporte.

### **Ampliación do parque de vivendas de promoción pública**

O investimento público total en materia de vivenda para o ano 2009 ascende a 210 millóns de euros, un 7,7 por cento máis que en 2008. Á promoción ao acceso a unha vivenda destínanse un total de 109 millóns de euros, o que supón un 10,5% de incremento con respecto a 2008. No fomento da rehabilitación de vivendas de calidade investiranse 76 millóns de euros.

Dentro das partidas destinadas a este capítulo terá unha especial atención o Plan galego da vivenda, que busca ampliar o parque de vivendas de promoción pública, mellorar as xa existentes e fomentar a creación de solo residencial, coa previsión de ter 2.248 vivendas en execución en 2009 e de conceder 500 novas axudas para a adquisición de vivendas de promoción pública autonómica.

As contas da Xunta para o vindeiro ano tamén incidirán nas axudas para a rehabilitación de vivendas en 42 centros históricos, áreas de renovación urbana, núcleos rurais e costeiros. Fomentárase ademais a rehabilitación e renovación de 3.593 vivendas, das cales 1.793 serán do rural, e se prevé conceder 3.600 novas bolsas de aluguer.

### **Sanidade: o maior capítulo de gastos, con 3.788 millóns de euros**

No capítulo de sanidade, o investimento para 2009 ascende a 3.788 millóns de euros, un 4,1 por cento máis que en 2008, concretamente 149 millóns. Deste xeito, os recursos destinados á sanidade aumentan un 33,6% en relación con 2005.

Aumentan especialmente as dotacións para atención primaria, cun incremento de 53 millóns de euros, así como as da atención especializada, que recibirán 45 millóns de euros máis que no ano 2008. En relación co ano 2005, as partidas destinadas a estes servizos medraron un 32%, con 341 millóns de euros máis para o servizo de atención primaria.

Os Orzamentos da Xunta para 2008 establecen como liñas prioritarias na sanidade o avance do Plan de atención integral á saúde da muller, coa implantación da vacina contra o virus do papiloma humano; a continuación do desenvolvemento do Plan de infraestruturas sanitarias 2008/2011; e a incorporación de novas tecnoloxías nos servizos sanitarios, como a receita electrónica ou a centralización dos servizos.

### **Un 15% máis para o Plan de Reequilibrio Territorial**

Os Orzamentos para 2009 aprobados hoxe polo Consello da Xunta inclúen unha achega de 382 millóns para o financiamento das actuacións previstas dentro do Plan de



Reequilibrio Territorial, o que supón un incremento do 15,3% con respecto as contas do ano 2008 e o investimento de 51 millóns de euros máis.

Esta achega servirá para financiar actuacións nos 254 concellos e ámbitos de actuación incluídos nas catro zonas de intervención do Plan de Reequilibrio Territorial, cunha especial incidencia das axudas ás empresas para os proxectos que se promovan nos concellos incluídos neste plan, no da Costa da Morte e no Plan Ferrol.

Así mesmo, esta cifra inclúe actuacións por valor de 12 millóns de euros para a recuperación das zonas afectadas por encoros destinados á produción de enerxía hidroeléctrica.

Finalmente, os Orzamentos da Xunta para 2008 destinan unha partida de 11,7 millóns de euros para a cooperación ao desenvolvemento, o que supón un incremento do 4,25% con respecto aos anteriores presupostos.



## **AS PUBLICACIÓNS DE DIFUSIÓN GRATUÍTA ESCRITAS INTEGRAMENTE EN GALEGO NORMATIVIZADO PODERÁN ACCEDER ÁS AXUDAS DA SECRETARÍA XERAL DE COMUNICACIÓN**

- ***Preténdese así incrementar a presenza da nosa lingua nos medios de comunicación, avanzando cara a unha oferta informativa, lúdica, cultural e formativa completa en galego***

O Consello da Xunta aprobou hoxe un decreto da Secretaría Xeral de Comunicación polo que se modifica o Decreto 103/1994, do 21 de abril, que establece as axudas dirixidas ás publicacións periódicas escritas integramente en galego normativizado. Esta modificación no decreto permitiralles optar ás axudas a aquelas publicacións de difusión total ou maioritariamente gratuíta, sempre e cando estean escritas integramente en galego normativizado.

Esta medida establece o apoio económico e material para os medios de comunicación que, sen seren de titularidade pública nin sometidos á xestión ou competencia de institucións da comunidade autónoma, empreguen o galego dun xeito habitual e progresivo.

Nos últimos anos a prensa gratuíta incrementou a súa presenza no escenario informativo dos medios en Galicia, contribuíndo á diversificación da oferta informativa mediante a edición de xornais escritos integramente en lingua galega. Estas iniciativas teñen unha importante incidencia, tanto polos contidos informativos que axuden á difusión da realidade galega como pola súa contribución á normalización da lingua.

Así, estes medios contribúen ao acceso do galego ao mundo da comunicación, aumentando a presenza da lingua galega nos medios de masas e na publicidade, o que permite avanzar cara a unha oferta informativa, lúdica, cultural e formativa completa en galego.

Neste sentido, o novo decreto ten por obxecto modificar a redacción do artigo 4º do Decreto 103/1994, do 21 de abril, que regula as axudas co fin de que teñan a consideración de actividade subvencionable as cabeceiras de difusión, total ou maioritariamente gratuítas, sempre e cando estean escritas integramente en lingua galega normativizada.



## O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO POLO QUE SE DESENVOLVE A LEI DE COORDINACIÓN DE POLICÍAS LOCAIS

- ***Esta norma, xunto coa de creación e regulación do rexistro das policía locais de Galicia, supón o pleno desenvolvemento normativo previsto na lei, excepto a materia de uniformidade e homologación de distintivos de carácter profesional***
- ***Afectará os preto de 2.700 policía locais, vixilantes municipais e auxiliares de policía dos concellos de Galicia e suporá a unificación e homoxeneización destes corpos de seguridade***
- ***Por primeira vez deséñase un Plan de carreira profesional e unha formación continua que permita dar unha adecuada resposta ás novas demandas da sociedade galega***
- ***Destaca como novidade a regulación da situación de segunda actividade por motivos de idade, diminución das condicións psicofísicas e embarazo ou lactación***

O Consello da Xunta celebrado hoxe deu luz verde ao decreto polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de coordinación de policía locais presentado pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Este decreto, xunto co de creación e regulación do rexistro das policía locais de Galicia -aprobado polo Consello o pasado 8 de maio-, supón o pleno desenvolvemento normativo previsto na Lei, excepto a materia de uniformidade e homologación de distintivos de carácter profesional. O regulamento afectará os preto de 2.700 policía locais, vixilantes municipais e auxiliares de policía dos concellos de Galicia e suporá a unificación e homoxeneización destes corpos de seguridade.

Segundo recolle o documento, a coordinación de policía locais comprenderá o exercicio das distintas funcións deste corpo, entre as que se inclúen determinar normas marco ou criterios xerais aos cales se terán que axustar os regulamentos das policía locais de Galicia; proporcionar a homoxeneización da estrutura, cadros de persoal e funcionamento das policía locais ou fixar o seu réxime xurídico.

Neste sentido, o apartado máis amplo do texto abrangue, no exercicio da función de coordinación das policía locais, os criterios básicos de selección, formación, promoción e mobilidade; a coordinación da formación profesional dos policía a través da Academia Galega de Seguridade Pública, así como o plan de carreira profesional que inclúe os cursos de ingreso, perfeccionamento, especialización e promoción dos membros dos corpos de policía local, que desenvolverá a dita academia. Trátase da primeira vez que se diseña un Plan de carreira profesional e unha formación continua que permita dar unha adecuada resposta ás novas demandas da sociedade galega. Tamén en materia de persoal acométese a regulación sobre a selección e a formación dos vixilantes municipais dos concellos sen corpo de Policía Local e do persoal laboral con funcións de auxiliar de policía de tempada.

### Segunda actividade



Ademais, entre as materias tratadas no decreto merece especial mención, pola súa novidade nunha norma deste tipo na comunidade autónoma galega, a regulación da situación administrativa especial da segunda actividade. Así, a norma estipula que o pase á situación de segunda actividade -persoal funcionario dos corpos de Policía Local que realizan funcións operativas- pode deberse a tres motivos: o cumprimento da idade determinada para cada escala, a diminución das condicións psicofísicas e o embarazo ou lactación.

Tamén son destacables asuntos como a regulación do procedemento do réxime disciplinario e a substitución da normativa sobre distincións e recompensas, por entender que a anterior regulación non daba respostas ás necesidades actuais. Neste sentido, coa finalidade de premiar e distinguir publicamente os policías locais e vixilantes municipais de Galicia, por feitos excepcionais ou de particular relevancia, así como aquelas persoas ou entidades públicas e privadas que destaquen pola súa conduta a prol das policías locais e das súas competencias, créanse unhas novas modalidades de distincións e recompensas da Xunta de Galicia. Trátase de placas individuais e colectivas ao mérito da Policía Local, medallas ao mérito da Policía Local, distintivos de permanencia e felicitacións públicas. Estas distincións serán entregadas nun acto solemne que terá lugar o día 24 de maio, declarado polo texto como día da festividade das policías locais, por coincidir coa data de entrada en vigor da Lei de coordinación de policías locais -24 de maio de 2007-.

### **Prazos de adaptación**

Nas disposicións transitorias establécense os prazos para a adaptación dos corpos de policías locais creados con anterioridade á entrada en vigor da Lei 4/2007 ás novas existencias en canto ao número de efectivos e estrutura. Todo isto, co obxectivo de que o número total de membros de cada corpo de policía local alcance o 1,8 por cada 1000 habitantes, cifra que se considera como a recomendable.

Este texto, ao igual que se fixera no seu día coa Lei de coordinación de policías locais, foi elaborado por un grupo de traballo creado no seo da Comisión de Coordinación de Policía Local de Galicia, órgano consultivo e de participación na materia, que tamén emitiu informe positivo. Neste grupo de traballo estiveron representadas as organizacións sindicais con maior representatividade no ámbito local da comunidade autónoma, a Asociación de Xefes e Mandos das Policía Local de Galicia e a Federación Galega de Municipios. Ademais, o pasado mes de xullo, a Comisión Galega de Cooperación Local deu o seu visto e prace.



## **A XUNTA TRANSFIRE AO CONCELLO DE OUROL OS TREITOS DAS ESTRADAS AUTONÓMICAS QUE ATRAVESAN O SEU NÚCLEO URBANO**

O Consello da Xunta aprobou hoxe un decreto sobre o cambio de titularidade a favor do concello lugués de Oourol dos treitos das estradas autonómicas que atravesan o núcleo urbano desta localidade e que posúen características de travesías urbanas.

A transferencia atinxe a totalidade da estrada LU-105 (un total de 800 metros que comunican o núcleo urbano coa estrada Viveiro-Cabreiros) e a dous treitos sobrantes da LU-540 (Viveiro-Cabreiros), un de case 700 metros de lonxitude ao seu paso pola localidade de Oourol, e outro de 620 metros ao seu paso polo núcleo de Vilares.

A normativa en vigor establece que poderán ser obxecto de cambios de titularidade a favor dos concellos aquelas estradas ou treitos de estradas que teñan características de urbanas (como é o caso destes que son obxecto de transferencia) ou que pertencen a treitos antigos de estradas en que se fixeron variantes de trazado.

A transferencia conta co informe favorable da Dirección Xeral de Obras Públicas e co acordo do Concello de Oourol que, a partir da súa formalización, asumirá a xestión, mantemento, conservación e explotación do devandito treito.

A entrega formal realizarase mediante a sinatura da correspondente acta, nos dous meses seguintes á publicación no *Diario Oficial de Galicia* do decreto aprobado hoxe.



## INCREMENTÁSE A PUNTUACIÓN MÁXIMA DA FASE CONCURSO NO DECRETO DE PROVISIÓN DE PRAZAS DE PERSOAL ESTATUTARIO DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

- *Ata o de agora a puntuación máxima da fase de concurso non podía exceder o trinta por cento e agora pasa a ser o corenta por cento*
- *A modificación, realizada pola Consellería de Sanidade, apróbase tras a preceptiva negociación da mesa sectorial e co acordo unánime das organizacións sindicais*
- *A experiencia de procesos selectivos previos aconsella introducir modificacións na puntuación da fase de concurso*

O Consello da Xunta aprobou hoxe un decreto da Consellería de Sanidade polo que se modifica o Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde. Esta modificación supón o incremento da fase de concurso para a vindeira oferta pública de emprego.

A experiencia acumulada tras os procesos selectivos convocados polo Servizo Galego de Saúde puxo de manifesto a necesidade de introducir modificacións na puntuación da fase de concurso dos procesos selectivos de persoal estatutario fixo do Servizo Galego de Saúde, dentro do respecto aos límites e requisitos mínimos fixados pola normativa de rango superior.

Este decreto dítase tras a preceptiva negociación da mesa sectorial, e logo do acordo con todas as organizacións sindicais con representación nela.

Por conseguinte, a partir de agora, e unha vez feita a modificación, o artigo 23, que é o que se cambia, sinala que “a puntuación máxima da fase de concurso non poderá exceder o corenta por cento da puntuación máxima atinxible no proceso selectivo”, cando, ata o de agora, o límite era o trinta por cento.



## O GALEGO ESTUDARASE NO ESTADO NORTEAMERICANO DE CALIFORNIA GRAZAS A UN ACORDO ENTRE POLÍTICA LINGÜÍSTICA E A UNIVERSIDADE DE SANTA BÁRBARA

- **Con este acordo amplíase a rede de proxección exterior do galego, que na actualidade dispón de preto de 50 centros de estudos en todo o mundo**
- **O convenio ten unha vixencia temporal de catro anos e prevé tanto actividades docentes no ámbito académico como na área de influencia da universidade**
- **Tamén se renova o convenio coa Universidade de Deusto, en Bilbao, para continuar co programa de docencia de galego nese centro**

A lingua e a cultura galegas estudaranse no Estado de California grazas a un convenio entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Universidade de California, en Santa Bárbara. O Consello da Xunta aprobou hoxe esta colaboración, que prevé a proxección exterior do galego, no só no ámbito académico da universidade, senón tamén na súa área de influencia.

En virtude dese convenio de colaboración, cunha vixencia temporal de catro anos, a actividade docente constará de cursos de lingua ou lingüística nos cales se insira o galego como lingua románica e, en función da demanda existente, poderanse realizar cursos de lingua galega en diferentes niveis. Ademais, prevese a organización dun curso de introdución aos estudos galegos e cursos monográficos especializados sobre temas ou autores galegos.

Outra das estipulacións deste convenio consiste na organización de actividades relacionadas coa investigación, a promoción e a difusión da lingua, da literatura e da cultura galegas, tales como: conferencias, seminarios, congresos, mesas redondas, exposicións, etc.

### **Enlace coa Secretaría Xeral**

A través deste acordo, crearase o Centro de Estudos Galegos da Universidade, que será o órgano de referencia en todas aquelas actividades que se desenvolvan en aplicación dos acordos deste convenio. Como responsable do centro figurará o director do Departamento de Español e Portugués, ou persoa en que delegue, quen, dada a súa vinculación coa universidade, actuará como persoa de enlace entre esta e a SXPL. Será tamén a súa función catalogar e inventariar o material adquirido para o centro con cargo á subvención da Xunta de Galicia e organizará viaxes de estudos dos alumnos.

Ao remate de cada ano, este responsable remitiralle, en soporte informático e escrito, á SXPL unha memoria redactada en galego sobre as actividades levadas a cabo en cumprimento das accións previstas no acordo segundo este convenio.

A Universidade de California encargárase de contratar e de retribuír o profesor lector ou a profesora lectora, logo de ser seleccionado por unha comisión avaliadora integrada por representantes da Secretaría Xeral de Política Lingüística e polo director do Centro de





Estudos Galegos. O lector ou lectora deberá estar en posesión de titulación universitaria superior e acreditar coñecementos de inglés suficientes como para impartir docencia, pronunciar conferencias ou realizar xestións. O lector acreditará coñecementos de galego e terá como campo de interese os temas galegos.

A universidade facilitará o aloxamento do profesor ou profesora nunha residencia universitaria e contribuirá economicamente a este fin. Tamén será competencia da institución académica estadounidense a adquisición do material, tanto bibliográfico como audiovisual e infraestrutural, necesario para realizar as actividades previstas.

A Secretaría Xeral de Política Lingüística colaborará na realización das accións previstas no acordo cunha contribución económica de 69.976,32 euros, que se dividirán proporcionalmente nas catro anualidades de vixencia do acordo.

### **Renóvase o acordo con Deusto**

O Consello da Xunta tamén aprobou hoxe o novo acordo entre Política Lingüística e a Universidade de Deusto, en Bilbao, para darlle continuidade ao programa de estudos de lingua galega en dous niveis e de literatura e cultura galegas igualmente en dous niveis. Cada unha das materias, incluídas no plan de estudos da universidade como materias de libre elección, conta con 4,5 créditos. Ademais, o acordo tamén prevé a organización doutras actividades, como charlas, conferencias, encontros, etc.

O lector de galego desta universidade estará contratado como profesor-axudante, co que se continúan a mellorar as condicións laborais dos lectores, obxectivo que se fixou o departamento dirixido por Marisol López.

Nesta ocasión, o convenio terá unha vixencia de tres anos e, para sufragar os gastos derivados del, a Secretaría Xeral de Política Lingüística fará unha achega de 42.975,04 euros.



## **A XUNTA PROMOVE DÚAS INICIATIVAS DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO EN SANTIAGO DE LOS CABALLEROS (REPÚBLICA DOMINICANA) QUE PERMITIRÁN A MELLORA DAS CONDICIÓN LABORAIS E DA ATENCIÓN SANITARIA DE DIFERENTES COLECTIVOS DA CIDADE**

- ***O convenio coa Cámara de Comercio de Santiago de los Caballeros permitirá mellorar a situación dos traballadores ‘buzos’ do vertedoiro de Rafey, e está dotado con 102.033 euros.***
- ***O convenio Fundación Desarrollo Loma y Salud (FUNDELOSA), dotado con 76.805,00 euros, incidirá na mellora da atención sanitaria no barrio de La Mosca***

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura de convenios de colaboración entre a Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, a través da Dirección Xeral de Cooperación Exterior, e a Cámara de Comercio de Santiago de los Caballeros, dunha banda, e a Fundación Desarrollo Loma y Salud pola outra, para promover diferentes accións de cooperación ao desenvolvemento na República Dominicana. Ao abeiro destes convenios, mellorarase as condicións laborais dos traballadores do vertedoiro de Rafey e fomentarse a mellora da atención sanitaria no barrio de la Mosca. O importe conxunto das accións achégase aos 179.000 euros.

Esta actuación vai incidir na mellora das condicións laborais e sanitarias dos coñecidos como *buzos* que, xunto coas súas familias viven en áreas periféricas ou en áreas marxinais da cidade, en vivendas precarias e sen acceso a servizos públicos básicos como a auga e o saneamento.

Os *buzos*, entre os que hai moitos nenos, están expostos a unha gran cantidade de riscos e problemas. A meta é trazar alternativas a través da diagnose, a formación, a acreditación dos *buzos*, o asesoramento e a inserción, o contacto cos organismos de emprego e a procura de mellores oportunidades laborais.

Creáranse e fortaleceranse cooperativas e microempresas, ademais de estreitar os lazos co concello de Santiago de los Caballeros e as empresas procesadoras da zona, co fin de presentar o vertedoiro de Rafey coma unha oportunidade de negocio que atraia os investidores.

### **Mellora das condicións sanitarias**

Por outra banda, a Xunta asinará un convenio coa *Fundación Desarrollo Loma y Salud* para fomentar a mellora das condicións sanitarias dos habitantes do barrio de la Mosca, en Santiago de los Caballeros. Así, fomentarse a creación de fogares de saúde e a educación, sensibilización e capacitación en saúde primaria e preventiva e planificación familiar. Tamén a promoción da lactación materna, o control de vectores transmisores de enfermidades e a atención aos nenos, que son a poboación máis vulnerable neste eido.

Espérase así aumentar polo menos nun 70% o número de nais que dan leite materno aos seus bebés e acadar unha redución significativa tanto das enfermidades prevalentes na



poboación como dos embarazos precoces. Créase un equipo de promotoras en saúde comunitaria, as cales manterán un seguimento permanente sobre a saúde das familias. Dez das promotoras serán responsables dos correspondentes fogares de saúde, equipados para a atención integral ás enfermidades comúns na poboación. Paralelamente, crearase un equipo de mozos para promover e actuar na prevención de ETS, drogadicción, embarazos adolescentes e fortalecer transversalmente as accións do proxecto.



## **A XUNTA ASINA CONVENIOS CON SETE FEDERACIÓNS DEPORTIVAS GALEGAS**

- ***Estes convenios, cun custo total de 763.400 euros, recibiron hoxe a aprobación do Consello da Xunta***
- ***As de Chave, billar, baloncesto, boxeo, bádminton, tiro olímpico e fútbol sala son as federacións que asinarán os respectivos convenios***

A Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral para o Deporte, dependente da Consellería de Cultura e Deporte, asinará convenios con sete federacións deportivas galegas –chave, billar, baloncesto, boxeo, bádminton, tiro olímpico e fútbol sala- por un importe total de 763.400 euros.

Con estes convenios, que foron autorizados hoxe polo Consello da Xunta, establécense as bases de colaboración coas diferentes federacións, co obxectivo de participar nos gastos ordinarios da federación e para a fixación, de común acordo, dun programa de actividades de promoción e desenvolvemento da súa modalidade deportiva.

O convenio coa Federación Galega de Baloncesto é bianual e ten un custo total de 326.000 euros para o desenvolvemento de programas para a promoción do deporte feminino, a integración no deporte, competicións deportivas oficiais, seleccións galegas, a utilización do galego nos medios de comunicación propios da federación ou tecnificación e formación, ademais dos gastos ordinarios.

Con respecto ao fútbol sala, o convenio ten un orzamento de 280.000 euros e tamén corresponde aos anos 2008 e 2009, e ten como obxecto desenvolver programas nestas liñas de actuación (deporte feminino, integración no deporte, seleccións galegas, competicións oficiais,...). O último dos convenios de carácter bianual é coa Federación Galega de Billar, cun custo de 37.450 euros.

Os outros convenios son coa Federación Galega de Chave (por importe de 16.500 euros), coa de Boxeo (por valor de 15.000 euros), coa de Bádminton (83.000 euros) e coa de Tiro Olímpico (59.000 euros).



## **A XUNTA DESTINA MÁIS DE 61.000 EUROS Á UNIVERSIDADE DE SANTIAGO PARA ESTUDAR ASPECTOS RELACIONADOS CO CONSUMO DE DROGAS**

- ***Realizaranse dous estudos que contribuirán á mellora da información epidemiolóxica e da evolución da drogadicción, e aumentarán a efectividade dos programas de tratamento con derivados opiáceos***

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe un convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Universidade de Santiago de Compostela para o estudo de determinados aspectos relacionados cos problemas asociados ao consumo de drogas. A sanidade pública galega destinará a tal efecto un total de 61.310 euros, que serán distribuídos en dúas anualidades: 24.100 euros en 2008 e 37.210 en 2009.

En virtude deste convenio, a Universidade de Santiago de Compostela elaborará un estudo necrolóxico-toxicolóxico das mortes producidas por reacción aguda a drogas de abuso, e outro sobre a determinación de metadonemias en pacientes dos programas de mantemento con metadona. Este traballo tamén abordará a determinación toxicolóxica de substancias-droga derivadas do labor asistencial ao colectivo drogodependente na rede asistencial do Plan de Galicia Sobre Drogas.

A sanidade pública galega considera que, coñecendo a incidencia da mortalidade por reaccións agudas a drogas de abuso, contribuirase á mellora da información epidemiolóxica e da evolución desta problemática.

Ademais, coa posta en marcha de diversos procedementos toxicolóxicos para a confirmación de metadonemia e a realización de determinadas probas toxicolóxicas de substancias-droga en relación con situacións especiais que xorden no contexto do proceso asistencial do drogodependente, mellorarase a efectividade dos programas de tratamento con derivados opiáceos.

Estes traballos serán realizados polo Instituto Universitario de Medicina Legal da Universidade de Santiago de Compostela. O prazo de vixencia do convenio estenderase desde o día seguinte ao da súa sinatura ata o 30 de xuño de 2009.



## O GOBERNO GALEGO CREAMÁ A PRIMEIRA UNIDADE DOCENTE DE GALICIA PARA FORMAR ESPECIALISTAS EN RADIOFARMACIA

- ***A creación desta unidade ampliará a oferta de formación especializada, abrindo a porta aos futuros licenciados das universidades galegas a unha especialidade moi demandada***
- ***A unidade adscribirase á Comisión de Docencia do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela***
- ***Actualmente, existen en España nove unidades docentes acreditadas, pero, ata agora, ningunha en Galicia***
- ***A maior parte dos radiofármacos úsanse con fins de diagnóstico médico e investigación biomédica, principalmente no eido da oncoloxía, neuroloxía e cardiología***

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade e as institucións Galaria Empresa Pública de Servizos Sanitarios de Galicia e Amersham Health Unidad Central de Radiofarmacia de Galicia coa finalidade de crear unha Unidade Docente de Radiofarmacia, a primeira en Galicia. Esta adscribirase á Comisión de Docencia do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela.

O obxectivo perseguido coa creación desta unidade é poder impartir o programa oficial regrado da especialidade de radiofarmacia e permitir, así, á comunidade galega ampliar a súa oferta de formación especializada, abrindo unha porta aos futuros licenciados e licenciadas das universidades galegas nunha especialidade sanitaria moi demandada.

Para lograr esta finalidade, e conseguir unha total e completa formación, así como de máxima calidade e coherente coas necesidades destes residentes, asíñase o convenio que pretende integrar todos os recursos que posúen as institucións Galaria Empresa Pública e Servizos Sanitarios de Galicia e Amersham Health Unidad Central de Radiofarmacia de Galicia, e sentar as bases que canalicen as relacións de colaboración entre os distintos dispositivos da unidade docente.

A actividade de Galaria Empresa Pública de Servizos Sanitarios de Galicia neste campo céntrase exclusivamente na elaboración, dispensación e distribución dos chamados radiofármacos PET (Tomografía por Emisión de Positróns), que a entidade desenvolve en instalacións anexas ao Complexo Hospitalario de Santiago.

Amersham Health Unidad Central de Radiofarmacia de Galicia é a unidade que vén preparando e distribuindo radiofármacos aos servizos de medicina nuclear de Galicia e, en particular, aos servizos dependentes do Servizo Galego de Saúde.

A integración dos recursos de ambas as entidades nunha única unidade docente permitirá a súa acreditación por parte do Ministerio de Sanidade e Consumo.



O inicio das actividades docentes estarán supeditadas tanto á acreditación de prazas por parte do Ministerio de Sanidade e Consumo, como á posterior oferta, cuxa remuneración será a cargo do Servizo Galego de Saúde.

O presente convenio terá unha duración mínima de catro anos que se computarán desde a data en que se inicie o período formativo da especialidade. Non obstante, prorrogarase automaticamente polo tempo que corresponda cando, durante a súa vixencia, se incorporen promocións sucesivas a través das prazas ofertadas.

Actualmente, existen en España nove unidades docentes acreditadas, pero ningunha en Galicia, pese ao desenvolvemento na nosa comunidade da medicina nuclear, a técnica PET e outras áreas de apoio. Por iso, a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde previron, dentro dos proxectos relacionados coa formación especializada, a creación da primeira Unidade Docente de Radiofarmacia para Galicia.

### **A especialidade de radiofarmacia**

A radiofarmacia é unha especialidade sanitaria multidisciplinar e de formación basicamente hospitalaria centrada na aplicación da práctica farmacéutica ao estudo, preparación, control e dispensación dos medicamentos radiofármacos, tanto na súa vertente industrial como hospitalaria.

Os radiofármacos son medicamentos que conteñen un ou máis radionucleidos (isótopos marcadores radioactivos) e que se empregan na práctica clínica pola súa aplicación con finalidades tanto terapéuticas como diagnósticas. A maior parte dos radiofármacos úsanse con fins de diagnóstico médico e investigación biomédica, principalmente no eido da oncoloxía, uroloxía e cardioloxía.

Numerosos radiofármacos exixen un proceso adicional de preparación (preparación extemporánea) antes da súa dispensación e posterior administración ao paciente. A responsabilidade, supervisión e control desta preparación extemporánea, así como o bo uso dos medicamentos radiofármacos, corresponde legalmente ao especialista en radiofarmacia, ao igual que a preparación dos radiofármacos para a técnica PET (Tomografía por Emisión de Positróns).

A PET é una técnica de diagnóstico que emprega alta tecnoloxía e cuxa aplicación fundamental é a detección do cancro. Así, entre outras propiedades, esta tecnoloxía permite detectar tumores cando aínda están en fase molecular.



## **A XUNTA AUTORIZA Á EMPRESA *GALICIAN MARINE AQUACULTURE* A INTRODUCIR E CULTIVAR EN GALICIA UNHA ESPECIE DE ORELLA DE MAR**

- ***Este permiso está condicionado ao outorgamento por parte da Consellería de Pesca da concesión de actividade para a posta en funcionamento e explotación dunha granxa mariña e dun criadeiro***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a empresa *Galician Marine Aquaculture SL* á introdución e cultivo intensivo na nosa comunidade autónoma dunha especie de orella de mar, a *Haliotis discus hannai*. No entanto, este permiso está condicionado ao outorgamento por parte da Consellería de Pesca da concesión de actividade para a posta en funcionamento e explotación dunha granxa mariña e criadeiro.

Segundo o proxecto presentado pola empresa e unha addenda complementaria a este, *Galician Marine Aquaculture* quere instalar unha granxa mariña e un criadeiro, no concello de Muros, para a produción de semente, así como para as fases de preengorde e de engorda de dúas variedades de orella de mar: a *Haliotis tuberculata* e a *Haliotis discus hannai*. Esta segunda especie non está presente nas nosas costas, polo que é precisa a autorización do Goberno galego.

Ademais, cabe sinalar que desde a Consellería de Pesca se remitiu, para o seu informe, o proxecto e a addenda presentadas por *Galician Marine Aquaculture* ao entón Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, ás consellerías de Medio Ambiente e Medio Rural e ao Instituto Español de Oceanografía, así como a outros organismos.

En canto ao cultivo, está previsto que se realice mediante un sistema de recirculación con filtración e tratamento do efluente que impide a liberación ao medio de gametos, larvas, xuvenís ou adultos tal e como se recolle no devandito proxecto.

O obxectivo será acadar individuos de oito ou nove centímetros nun período de cultivo de tres a tres anos e medio, a alimentación será manual a base de algas que se recolectarán no noso litoral, aínda que haberá algún momento en que os exemplares serán alimentados con algas ou pensos artificiais. O destino do produto será a exportación, en vivo ou en formato conxelado IQF con cuncha.

Así, as previsións son introducir nas instalacións 2.500 adultos e arredor de 700.000 xuvenís no primeiro ano, así como uns 500.000 xuvenís máis no segundo exercicio. Ademais, a planta de cultivo contará cunha nave criadeiro, outra de preengorda e unha última de engorda. A primeira destas naves albergará as salas de maduración e acondicionamento de reprodutores, o espazo de desova e fertilización, a área de cultivo larval e asentamento e a sala de cultivo intermedio e de stock de microalgas, entre outros. Pola súa banda, a zona de preengorda consistirá en tanques provistos de fluxo continuo de auga, aireación e control automatizado, mentres que o de engorda acollerá estanques con características similares aos anteriores.







## **O GOBERNO GALEGO INVISTE MÁIS DE 920.000 EUROS NAS OBRAS DE AMPLIACIÓN DO ABASTECIMENTO AO CONCELLO CORUÑÉS DE MUGARDOS**

- ***O proxecto ten un custo total de 1,8 millóns, e estará cofinanciado ao 50% pola Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos da consellería e o Concello de Mugardos***
- ***As obras teñen un prazo de execución de doce meses***

A Xunta, a través da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, inviste 921.377 euros nas obras de ampliación do abastecemento ao municipio coruñés de Mugardos. O Consello da Xunta aprobou hoxe a colaboración técnica e económica entre a consellería e o concello para a execución das obras.

O proxecto de ampliación de abastecemento ten un orzamento total de 1,8 millóns de euros, cofinanciado ao 50% pola Consellería de Medio Ambiente, a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, e o Concello de Mugardos, en dúas anualidades.

As obras teñen un prazo de execución de 12 meses e executaranse mediante o desdoblamento da conducción xeral proveniente dos depósitos de Catabois, desde a toma do tubo xeral sito nas inmediacións de Fene, ata os depósitos de Mugardos.

Así, o proxecto prevé a instalación dunha conducción de fundición dúctil desde a toma de Fene ata os depósitos de Mugardos, cun trazado paralelo á conducción de servizo existente, cunha lonxitude total de 9.500 metros lineais. As obras incluírán a escavación e recheo da gabiá, así como as válvulas, ventosas e desaugadorios necesarios para o seu correcto funcionamento.